

O Parlamento de Galicia acolle un pleno infantil centrado no respecto e a convivencia contra o acoso escolar

- **O vicepresidente da Cámara, Diego Calvo, conduciu a actividade, organizada coa colaboración de Aldeas Infantiles SOS no marco do programa *Abraza os teus valores***
- **Calvo Pouso agradece a presenza do alumnado no Parlamento e sinala a importancia de escoitar as súas opinións**

Santiago, 2 de xuño de 2017.- O Parlamento de Galicia celebrou esta mañá un pleno infantil, organizado coa colaboración de Aldeas Infantiles SOS, no marco do programa *Abraza os teus valores*, que nesta edición xirou arredor do respecto e a convivencia contra o acoso escolar.

O acto foi conducido polo vicepresidente primeiro do Parlamento de Galicia, Diego Calvo Pouso, que agradeceu a participación do alumnado neste acto e destacou a importancia de ter en conta as opinións dos máis novos.

Garantir a convivencia, unha prioridade

Recordou o vicepresidente da Cámara que para pais e nais, para a comunidade educativa e para os gobernos, garantir o respecto nas aulas para facilitar a convivencia e previr o acoso escolar resulta prioritario.

Calvo Pouso instou á sociedade a evitar caer no autoengano, na medida en que “nas aulas e nos patios dos colexios non sucede nada distinto respecto ao que acontece decote nas rúas, nos centros de

traballo ou nos lugares de ocio”, e chamou a atención sobre as ocasións nas que, en diferentes ámbitos, se perde o respecto aos demais.

Todas e todos corresponsables

Concluía, por iso, que “todas e todos somos responsables do cambio de valores no que estamos inmersos e que afecta de cheo aos máis novos”.

Con todo, o vicepresidente do Parlamento de Galicia apuntou que do mesmo xeito que non vale mirar cara outro lado ante cuestións como o acoso escolar, “tamén creo firmemente que non debemos tirar a toalla”, dado que “coa implicación de todos, e a de toda a xuventude galega, as dificultades poden superarse”.

Valorou o acerto do programa *Abraza os teus valores*, promovido por Aldeas Infantiles SOS para impulsar o respecto e a convivencia, e aplaudiu tamén a implicación do conxunto da comunidade educativa para avanzar neste ámbito.

O Pleno infantil que hoxe se celebrou no Legislativo galego contou coa participación de alumnado dos colexios San Rosendo (Ferrol); Monte Baliño (Pantón), Inmaculada (Ourense) e Monterrey (Vigo), que deron lectura a diferentes reflexións e compromisos relacionados coa convivencia e o respecto nas aulas. O acto foi clausurado polo conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela. Participaron tamén deputadas e deputados da Cámara.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.